

A OUTRA HISTORIA DE CARAPUCHIÑA VERMELLA

Narrador:(dirxíndose ao público) .- Seguro que todos vós coñecedes o famoso conto de Carapuchiña Vermella. Non sí? ... E seguro que vos deu pena a pobre Carapuchiña, devorada polo lobo e a súa pobre avoíña, indefensa, Qué magoa, verdade? **(Fai unha longa pausa mentres pasea polo escenario)** Pois. Enganáronvos, sí, así como volo digo, enganáronvos soberanamente, e ... a mín tamén, claro está ,..... e aso vosos pais, e a os vosos avós, e a todo o mundo. Estafáronnos polo morro;

Realmente non sucedeu así, quero dicir como nolo contaron, sí, é verdade que houbo unha Carapuchiña, aínda non sabemos con certeza, se era vermella, azul ou morada, e o seu nome era ese ou se chamaba Clotilde ou Faustina, ¡ Vaia vostede a saber!; tamén existiu a súa nai, como é natural, e a súa avoa, e tamén había cazadores, moooooitos cazadores.

Porque imos ver, non sexamos parvos, Vós credes sinceramente, que a avoa de Carapuchiña podería vivir soa no medio do bosque e enriba enferma? Ou que a nai se lle ocorre mandar a súa filliña a cruzar o bosque pon onde anda o lobo? **(imitando a maneira de camiñar do lobo)**. Qué nai mais mala sería esa? NON? E enriba con comida, ala, para que a cheire antes;

E o mais gracioso de todo: E a nena ponse a bacilar co lobo sobre a enorme boca que ten, pois claro, non se pode tentar á sorte, pois como tiña que acabar, engulíndoa.

E cando os cazadores matan ao lobo e lle abren as tripas, alá que saen Carapuchiña e a avóa, sen un raguño, tan campantes; Surrealista, eso non o cree nin Heidi.

O que realmente pasou é que pero o mellor será que o vexamos e así sairemos de dúbidas.

(O narrador marcha polo fondo do escenario mentres éste baixa as luces e se escoita un asubú lastimeiro do lobo, que mais ben parece un can de palleiro)

ESCENA I

LOBO: Qué lobezna vida a miña, sen unha pezuña de ovella que levarme á boca, a este paso voume facer vexetariano. **(escoitanse disparos de escopeta ao lonxe)**

Enriba téndome que ajochar deses pesaos, que pasan a vida persegíndome coas escopetas para fardar uns cos outros, menos mal que son tan malos que non acertarían a un elefante a dous metros de distancia.

CARAPUCHIÑA: Onde estás lobiño? Lobiño, onde estás? Asoma o fouciño que che

quero dar un biquiño. Veña lobiño.

LOBO: Non a soporto, a ésta, si que non a soporto. Miña nai, que lle faría eu? Perségeme por todo o bosque, e non hai tobo, nin cova na que me poida ajochar. A última vez, rompeume tres moas e un colmillo, como soa. Agasalloume cun succulento filete de tenreira, pero todo recheo de croios de río e ao pouco me deixa sen dentes.

CARAPUCHIÑA: Lobiño, onde estás? Agora traióche un boísimo pasteliño (dirixíndose ao público e ríndo malévolamente, recheo de guindiñas) para que te chupes os dedos, mellor as pezuñas. Toma lobiño, lobiño bonitiño;

LOBO: Vai sair o teu pai, dijo a túa nai, porque o que son eu, de eiquí non me move nen a Jarda Sivil. Se me descobre, son lobo morto, menuda, como as gasta a nena: Chámanna el Doctor Jeckil e Mr. Hide, porque ten a cara de Anxo , que xa, que é un demo.

CARAPUCHIÑA: Anda lobiño¡¡ Apiádate dunha pobre e indefensa nena que ten que cruzar o bosque para ir a casa da súa avoíña que está enferma e soíña.

LOBO: Enferma dí, e marcha todos os domingos a bailar ao fogar do xubilado e non se perde unha excursión. Pobre? A metade dos terreos do bosque son seu e ten un pazo, que xa quererian moitos, nada dun adosao, cunha parcela de 5000m². Pobre dí¡ será mentireira¡

CARAPUCHIÑA: Lobiño, dixéronme que eres moi veloz,... Pero eu son mais.

LOBO: Enriba provocando, a nena¡

CARAPUCHIÑA: Bótoche unha carreira ata a casa da miña avoa, e quen chegue primeiro, terá dereito a comer a merendola que preparou a miña avoa e a darse un chapuzón na piscina olímpica. Paréceche?

LOBO: Esta é capaz de afogarme na piscina, nada, de eiquí non me movo¡

CARAPUCHIÑA: Veña pesao¡ Estoume cansando¡ Queres sair dunha vez? (**berrando**). Que para iso che paga a miña avoa, para que saias no conto e te deixes vapular. A este paso este mes non cobras nin un euro, aínda que reclames ao sindicato de lobos.

LOBO: Vas ver que ao final faime sair a mocosa esta. Tal e como está o chollo, a ver quen se nega.

O lobo faise o atopadizo e interpreta o seu papel de lobo fiero amosando os dentes e as gadoupas, pero Carapuchiña péchallos dun bofetón.

CARAPUCHIÑA: Pecha esa bocaza, CAIMÁN, que xa non asustas a ninguén. Veña elixe o camiño que prefires para chegar ao pazo, o da dereita ou da esquerda. Veña ti o da esquerda e eu o da dereita.

LOBO: Pero señorita, se o da esquerda está cortado e además cheo de silvas e toxos, por aí éche moi difícil pasar e ademais non me deixou elixir.

CARAPUCHIÑA: **(sóltalle outra galleta)** Pois pasa, que para eso es o lobo e eu unha señorita, pero bueno... Ti quen te crees? Ti iras pola esquerda, e enriba terás que contar ata 100 antes de empezar a camiñar....

LOBO: Pero carapuchiña, se eu non sei contar, nunca fun á escola.

CARAPUCHIÑA: **(dálle outro bofetón)** Así dicía eu que eras un ignorante. Igñorante, mais que ignorante, non sei nin como che falo, pois así aprendes, veña e sen saltarte ningún número.

LOBO: **(Con voz melodramática e ollando o bocata con ansiedade)** Non poderías alo menos darme un anaco dese bocata que estás a comer, aínda que seña para facer boca?

CARAPUCHIÑA: **(Con repugnancia)** Un anaco do meu bocadillo de Xamón de Pata negra? Mesturar eu, un anaco do meu bocadillo coas túas babas de lobo rueiro? Nin falar, Gáñao co suor da túa fronte; Lobo pedichón; **(Dálle outro bofetón e sae de escena)**

LOBO: Será miserenta; Así tropece coas raíces e pedras do campo. Se non fora porque un tense que gañar o sustento ía botar unha carreira con ela a súa nai, a súa avoa e todos os cazadores do conto. Maldita sexa a miña vida. Un lobo coma mín, de boa estirpe e mellor pedijrí e ter que levar esta vida de can;

O lobo está un rato facendo que conta sobre unha árbore, mentres carapuchiña desaparece polo camiño da dereita do escenario.

Ooooooooooooooooooooo

Escena II

NAI: Por fin desfíxenme desta nena impertinente! Que plasta! Non hai quen na aguante! Mamá dame isto, mamá dame o outro....E xa llo dixen mil veces : pídello á túa avoa que é millonaria e eu teño que “currar” todos os días para sacarte adiante. Pois nada ella dando a vara e hoxe díxenlle: Vaite a facerlle un pouco a pelota ,

levarlle esta xarra de mel, un queixiño e este pastel e levas este bocata de xamón para o camiño.

Pero, que vexo! Ao pobre lobo do bosque chorando enriba dunha árbore? Isto é obra de Carapuchiña, que o vai matar a disgustos e é o derradeiro lobo que nos queda san por estas paraxes...Lobiño....Qué che pasa? Qué che fixo esta gamberra de Carapuchiña?

LOBO : Ai dona Carapucha! Que filla máis retorcida ten! Onde criou vostede a este mastodonte de nena, que me vai matar, me vai matar? Pois non se empeñou que vaia á casa da súa sogra polo camiño das silveiras e os penachos?

Nai : Polo camiño das silveiras? Vaste matar!

LOBO : Naturalmente! Pero calqueira lle di que non!.Se lle levas a contra en algo dáche un moquete que...Mire como me puxu a meixela e o fuciño.

Nai: ¡Qué barbaridade! ¡Qué nena máis besta!. Sae ao seu pai que era tan bruto que morreu dunha indigestión de fabas. Papou o puceiro enteiro por non deixalas para outro día.

LOBO : ¿E qué me aconsella vostede que faga? Non podo contradecila.

Nai : Mira vai polo camiño do val, pola horta do tío Mijano,que é un camiño que non coñece carapuchiña e adiantas un bo anaco e evitas as silvas e as pedriñas.

(Oense disparos cada vez máis preto)

LOBO : E eses tamén veñen a por mín.

Nai : A eses ,xa os entretereirei eu, non teñas medo,ademáis eses non acertan nin a unha vaca pastando diante deles.¡ Vai tranquilo!.

(O lobo dálle as grazas facendo unha reverencia coas mans e marcha polo lado dereito do escenario).

Nai : **(Mirando por onde desapareceu o lobo)** ¡Pobriño,qué mágoa me dá! ¡Como caía en mans desas dúas arpías,vanno descuartizar.

Cazadores : (Todos deben levar lentes e escopetas. Entran precipitadamente ao escenario). ¡Por ahí, por ahí, foise por ahí! Vínou eu.

Nai : (Entreténdoo) Alto, alto, señores! ¿onde van con tanta presa? ¿A caso perderon algo?.

Cazador 1 : ¡ Señora Carapuchiña, qué sorpresa! ¿Non ten vostede medo de estar soa no bosque , cando asexo por aquí un terríbel lobo devorador de mulleres indefensas?.

Nai : ¿Devorador de qué? ¿de mulleres indefensas di? Pero polo amor de Deus, se o lobiño é como da familia, non lle faría dano nin a unha mosca. So lle queda un dente san gracias as falcatuadas da miña filla Carapuchiña. Dela é que debe ter medo. ¡Menuda gamberra!

Cazador 2 : ¿ Tan perigosa é? Se parece unha nena encantadora, loira, con eses ollíños azuis e ademáis tan guapa con esa carapucha vermella que lle senta tan ben, por certo de Versace, penso ,NON?

NAI: Fíese, fíese. Esa nena é quen de dobrarlle os canóns da súa escopeta para que cando dispare o tiro, saia contra vostede.

CAZADOR 3: Ben, imos o gran e menos faladurias. Díganos por onde se foi o lobo.

CAZADOR 7: (tateando). Por, por, por qué lleste, lleste, lleste, tan, tan, tan, ta, mani, mani, manía, se se, po, po, pode, saberse? Non, non, e, e, vo, vos, vos, vostede su, su, su, sua nai?

CAZADOR 8: Osú, mi arma ¡ Pa cuando termine de hablar el gachó, se ha terminao er cuento ¡

CAZADOR 3: Queredesvos dar presa ou persígoo eu só?

CAZADOR TODOS: (ROSMANDO). Ben imos ¡ Veña que logo é tarde ¡ Se do bosque non se pode sair ¡ Ve, ve, veña, co, co, correde, que, que, sodes, mo, mo, mo, moi lentos. Pois mira que foi falar ¡ Xaime o meteórico ¡

MAI: Non digan que non llo avisei, por min poden vostedes facer o que queiran. Eu marchou por alí.

(A nai indícalles o camiño da esquerda: o da silveiras e os croios.)

ESCENA III

(Ilumínase o escenario e deben aparecer os cazadores sentados uns e deitados outros, coas escopetas espalladas, algúns sen lentes, todos berrando doridos).

CAZADOR 1: De tal pai tal fill. E dicía que a súa filla era unha gamberra, pois anda que ela.... Por onde nos meteu;

CAZADOR2: Ai, ai; Penso que rompín un nocello.

CAZADOR 3: Pois eu teño o corpo tan dorido que nin o sinto. Escorreguei costa abaixo e cravei todos os croios que collín de camiño.

CAZADOR 4: Ai, miña nai; Ai, miña nai; Teño tantas aspugas e buratos por todo o meu corpo que teño medo de beber auga e que me saia por eles.

CAZADOR 5: Ódioa, ódioa; A min que me puñan enfermo as inxeccións e puxéronme nun momento doce mil trescentas vintecinco e cincuenta trompadas de propina; Ai, ai, ai;

CAZADOR 6: Isto non pode quedar así. Lobiño é unha alma da caridade ao lado destas malas bestas.

CAZADOR 3: E que podemos facer?

CAZADOR 7: Ca, ca, ca, carallo, que, que, que torta me, me, me meteu esa rocha.

CAZADOR 8: Pos con toa seguría que a ti ya te se ha curao, lo digo por er tiempo que has tardao en desirlo, gachó.

CAZADOR 4: Lobiño corre un grave perigo en mans desas dúas pécoras, pois se a filla é mala, e a nai peor, imaxinades como será a avoa?

CAZADOR 2: A peor; Temos que correr a casa da avoiña e conseguir chegar antes que estas dúas esnaquicen ao coitado lobiño.

CAZADOR 1: Ou o afoguen na piscina olímpica; Que son quen diso e de moito mais;

CAZADOR 5: Veña imos a toda velocidade; Bo, a moita velocidade non, que eu non podo nin co meu corpo; Cada vez que me lembro, ai, ai, ai;

CAZADOR 7: Ve, ve, veña, ra, ra, rápido. Ai, ai, ai que, sal,sal, salvar ao lobiño, de,

de, desas, desas bruxas.

CAZADOR 8: Ozú, pa cuando tu termines er discursito, a Caperusita, lan cambio er nombre por Meri Popim.

CAZADOR 3: (Coxeando esaxeradamente) Non sei se chegarei, pero debemos intentalo. Veña collede as escopetas e non perdamos mais tempo; Coitado lobiño, coitado lobiño.

ESCENA IV

NARRADOR : (Saíndo dende as cortinas) Di o conto que o lobo chegou á casa da avoa , comeuna , meteuse na cama e esperou alí á Carapuchiña. Nada máis lonxe da realidade. A primeira en chegar á casa, mellor dito á mansión , á maxestuosa mansión, foi Carapuchiña. Chegou toda segura de si mesma, si señor, menuda era ela para as pelexas! Chegou coa súa cestiña, coa xarriña de mel, o queixiño e un succulento pastel (o bocata de xamón, xa o comera , claro).

Nembargantes, non parecía darlle importancia, axitaba a cestiña sen coidado, como sabedora de que o seu contido non ía causar ledicia á súa destinataria, é dicir, a súa avoíña, o como se soupera que o seu agasallo era unha menucia para aquela importante señora.

Con esa convicción, chamou á porta de bronce que tiña ante ela mentres canturreaba aquilo de: Quén teme ao lobo feroz....?

Carapuchiña chama unhas cantas veces á porta.

CRIADA1: (facendo todo tipo de saúdos) Benvida Señoriña Carapuchiña, é un pracer tela entre nós.

CARAPUCHIÑA: Ímos; xa está ben, so parva, non me fagas máis a pelota que levo un bo rato chamando.

CRIADA2: (ao público) Qué carácter; Non señora, é que dende a casa até aquí hai un longo camiño.

CARAPUCHIÑA: Parvadas, parvadas, veña dille á miña avoa que xa estou aquí, non tardes que estou esperando.

CRIADA1: Deseguido. **(vaise correndo ao fondo do escenario)**

CARAPUCHIÑA: Como está o servizo; Non se pode confiar en ningunha destas pazguatas, créñse mais listas que ningún.

(aparece o mordomo pola dereita do escenario)

MORDOMO: A señora comunicame que garde as catro porquerías que lle manda a súa nai para facerlle a pelota e que as tire ó lixo. Síntoo señoriña, pero son as ordes que traio.

CARAPUCHIÑA: (tirando a cesta) Non, se xa o sabía eu, iso era unha forma moi porca de facerlle a pelota á avoa, pero mamá empecinouse e

MORDOMO: A señora di que me acompañe os seus cuartos. Sígame por favor.

(Carapuchiña entra no cuarto con certa chulería)

CARAPUCHIÑA: Que pasaa contijo avoa; Es unha tía moi enrolá, si señor. Onde mercaches esta chupa?

AVOA: Déixate de petardos e dime que fixeches co lobo?

CARAPUCHIÑA: Deixeino para o arrastre, avoa, e a estas horas caería polo desfiladeiro. Enganeino dicíndolle que se fose polo camiño da torrentera e despeñaríase. Non che parece divertido? **(ríndose escandalosamente)**

AVOA: Moi ben carapuchiña, mais os lobos teñen sete vidas como os gatos, non me fío, por se as moscas, direille á servidumbre que se agoche, e eu metereime na cama, Se vén, menuda sorpresa leva.

CARAPUCHIÑA: Avoa eres xenial; Que ideas mais boas tes; Así cando se achegue a mirarte, eu doulle o primeiro estacazo e en canto esté sen coñecemento, pedimos socorro e chamamos aos cazadores para que o rematen, fenomenal;

AVOA: **(ao público)** Eu xa sabía que a miña neta tiña os meus xens, pero mellor que despois da labazada o emborrachemos, o metamos na miña cama e ti o interrogas, e así rimos un chisco. Que che parece? Logo chamamos aos cazadores. Senon non ten gracia.

CARAPUCHIÑA: XENIAL;

Apágase a luz do escenario e debe aparecer o lobo nun camastro, medio borracho e vestido cun camisón de durmir.

CARAPUCHIÑA: Avoiña, avoiña, que ollos mais grandes tes;

LOBO: Pa.. pa...para verte mellor.

Carapuchiña dalle un bofetón.

CARAPUCHIÑA: Avoiña, avoiña, que orellas mais grandes tesj.

LOBO: Par, para escoitarte mellor. (**o lobo intenta protexerse**)

Carapuchiña dalle outro bofetón.

CARAPUCHIÑA: Avoiña, avoiña, que boca mais grande tesj

LOBO: Pa, pa, para comerte mellor. (**o lobo intenta protexerse de novo**).

CARAPUCHIÑA: (**dálle unha última labazada que o deixa fora de sí**) Avoa, avoa, este está xa para o arrastre.

AVOA: Xa o podemos tirar a piscina, e de seguido, berra todo o que podas e pide socorro, para que veñan os cazadores a rematar a este bicho.

(carapuchiña e a súa avoa arrastran ao lobo ata o borde da piscina, do escenario, cando aparecen os cazadores)

CAZADORES TODOS: Alto, altoj Vades cometer un lobicidio e mirámosvos. Soltade a lobiño agora mesmo ou dispararemos contra vós, bruxasj

CAZADOR 7: (**apuntando a carapuchiña e a súa avoa**) Libe, libe, liberade alo, alo, a lobiño agora mesmo, ou fago, ou fago, lu, lu, lume contravos.

CAZADOR 8: Pero ties balas suficientes pa tantos disparos shiquillo?

CAZADOR 7: Po po, porque, porque, porquenote, porque nonte, nonte guaseas, dequen, dequen, dequeneu dequieneute, de quen eu te diga, mala, mala, malaje.

(aparecen en escena a nai e a servidume)

TODOS: É verdade, todos somos testemuñas do maltrato que lle fixestes ao pobre lobiño durante moito tempo. Merecedes un castigo semellante.

CAZADOR1: Á auga con elas, imos a darlle un bo remollón por desalmadas e violentas.

AVOA E CARAPUCHIÑA: Non, non por favor. Non sabemos nadarj

CAZADOR 2: Non, non o fagades, sereríamos igual ca elas. O mellor é que todos lle reprochemos o que fixeron e exisamos que pidan perdón ao lobiño.

(De súpeto a avoa e carapuchiña comezan a chorar. Pronto empezan a pedir perdón. Aparece a nai en escena.)

NAI: Prégovos que nos perdonedes a todas. Elas por ter unhas malas ideas e eu por protexelas.

CAZADOR 4: Está ben; Perdoámosvos, pero esiximos o seu arrepentimento inmediato e promesa de non volvelo a facer mais.

CARAPUCHIÑA E A SUA AVOA: Sí, si, pedimos perdón a todos;

CAZADOR3: Non a nós, senon ao lobiño, ao que fixéchedes sufrir enormemente, como todo o que martiriza e se aproveita dos animais; Pedídelles perdón, agora mesmo;

CARAPUCHIÑA E A SUA AVOA: Si si pedímosllo e ademais agora somos conscientes do dano que lle faciamos. Perdóanos lobiño, non o volveremos facer;

LOBO: Por min, estades perdoadas e non vos gardo nengun rencor. Vide e dádemme unha aperta. **(os tres dánse unha aperta)**. Carallo, xuraría que ademais do abrazo, carapuchiña deume unha trabada, pero en fin, teñamos a festa en paz;

TODOS: Aplauden na escena final, mentres o lobo mira con cara de desconfianza a carapuchiña e a sua avoiña

COREOGRAFÍA FINAL: DÉBESE OIR MUSICA RELATIVA AO LOBO FERROZ, MENTRES OS PERSONAXES VAN ENTRANDO A SAUDAR NO ESCENARIO.

NARRADOR: Arrepentíronse das accións cometidas carapuchiña e a sua avoa? Foi tan mala carapuchiña? É verdade que a avoiña confabulouse con carapuchiña?

Tal vez todo isto foi inventado? Será verdade o conto que sempre nos contaron? En calquera caso, se este conto che gustou, elixe a versión que sexa do teu agrado.

COLORÍN,COLORADO ESTE CONTO FOI REMATADO.